

## Plan de Convivencia Escolar

Unha das finalidades máis importantes na educación é aprender a convivir, de aí a necesidade de sentar unhas bases para que esta vaia mellorando día a día. Dentro deste marco, presentouse en xuño do 2008 o Plan de Convivencia ás nais e pais. Unha das actividades que se está a desenvolver dentro deste plan é a actuación dos **Titores de acollida**, alumnos titores de novos alumnos.



Con certa frecuencia está chegando alumnado novo que se encontra bastante perdido, dadas as características deste macrocolexio. Eses primeiros momentos son difíciles para eles porque non coñecen a ninguén. Deben superar unha proba que, si xa para un adulto é difícil, para un neno ou nena éo moito máis, xa que debe adaptarse a unha nova situación, familiar, escolar e social. Os titores de acollida axudan nesta tarefa, comprometéndose na integración deste alumnado, axudándolle a relacionarse dentro da nova comunidade educativa.

Está implicado todo aquel alumnado que se presentou voluntariamente e ao que se lle deu formación dende o Departamento de Orientación. Van identificados cunha camiseta branca na que se imprimiu o seu compromiso: **Titores de acollida** e un debuxo elixido nun concurso entre o alumnado.

## Cesión terreos para infantil

No pleno municipal do 27-01-2009, a proposta do equipo de goberno, adoptouse o seguinte acordo: *“iniciar os trámites para pedir un crédito extraordinario para poder financiar a expropiación para a cesión dos terreos do novo colexio”*.

A ANPA quere aproveitar este momento para facer un resumo do acontecido ata agora:

- 🕒 **10-01-07:** Consello escolar: Dáse conta da decisión de construír un Centro de infantil.
- 🕒 **28-02-07** (49 días). Pleno municipal: acorda expropiar os terreos e decláralos de utilidade pública.
- 🕒 **17-04-07** (97 días). BOP: Publica o acordo de expropiación.
- 🕒 **26-05-08.** (1 ano e 136 días). Pleno municipal: Rexeitase a proposta de permuta do equipo de goberno e acórdase, unanimemente, seguir coa expropiación. (Volvemos ao 17-04-07)
- 🕒 **29-09-08** (1 ano e 263 días). Orzamentos 2008 (BOP 11-10-08): O novo equipo de goberno aproba os orzamentos, nos que non se prevé ningunha partida de gastos para continuar coa expropiación, que queda paralizada.
- 🕒 **25-11-08** (1 ano e 320 días) Xunta de goberno: Acórdase pedir un informe para iniciar os trámites de petición dun crédito para financiar a expropiación.
- 🕒 **27-01-09** (2 anos e 17 días) Pleno mencionado: Como se ve, practicamente repite o acordo anterior. (Realmente non se acorda nada novo).
- 🕒 **23-02-09** (**2 anos e 44 días**) Convócase pleno para o 26. Ningún punto da orde do día está relacionado coa cesión dos terreos.

*Este boletín redáctase antes da súa celebración.*

## O baloncesto na ADC VV

Como xa deixamos entrever no boletín de xaneiro, as nenas teñen moitos máis problemas que os nenos, cando menos en Betanzos, para desenvolverse nun entorno saudable arredor do deporte, sobre todo a partir dos 12 anos cando deixan o Vales Villamarín. A falta de asociacións onde poidan seguir desenvolvendo as actividades que lles gustan, seguramente está detrás de todo isto.

O Club Santo Domingo, é unha desas excepcións. Este club ven colaborando coa ADC VV dende a formación da mesma alá polo ano 2002, con moi bos resultados de participación. Actualmente, na nosa agrupación practican este deporte 28 nenos e 21 nenas, entre os 5 e os 12 anos. A partir dos sete anos participan na Liga de Baloncesto da Delegación de A Coruña, onde aprenden a gañar, a perder e a comportarse con deportividade. Todos participan por igual, pero iso non lles resta eficacia á hora de xogar nin, moito menos, ilusión.



*Parte dos compoñentes do equipo de Baby Basket*

Merece destacarse os campus de baloncesto organizados polo club Santo Domingo, nas instalacións do colexio, ao longo do 2008. Foron días moi entretidos para todos, piscina incluída, que rematou cunha demostración de Street Basket na Praza García Hermanos. *Parabéns.*

## Consello Escolar

O Consello Escolar é o órgano de goberno máis importante dun centro de ensino. Neste colexio está composto polos seguintes membros con voz e voto:

- Directora do centro.
- Xefa de estudos.
- 5 mestres elixidos polo claustro.
- 5 representantes de nais e pais do alumnado.
- 1 representante do persoal non docente.
- 1 representante co Concello.

O principal cometido do Consello Escolar é:

- Elixir á directora ou director.
- Establecer as directrices do Proxecto Educativo do Centro.
- Aprobar e avaliar a Programación Xeral Anual.
- Aprobar o Regulamento de Réxime Interno.
- Analizar os conflitos disciplinarios e impoñer as sancións pertinentes .
- Decidir a admisión de alumnos.
- Aprobar o balance económico anual .
- Aprobar as actividades complementarias e extraescolares, comedor e madrugadores.
- Promover a renovación das instalacións e do material escolar.
- Avaliar o funcionamento xeral do centro, especialmente a eficacia na xestión dos recursos e a aplicación das normas de convivencia.

Os pais/nais que nos representan no Consello Escolar elíxense por votación, agás un representante do ANPA que o fai de oficio segundo a lei.

Por último dicir que nos últimos Consellos aprobáronse os seguintes puntos:

- Constitución do novo Consello Escolar.
- Aprobación do balance económico do 2008.
- Aprobación da xornada continuada para o curso 2008-2009.

## Sabías que .....

a participación dos pais e nais nas últimas eleccións ao Consello Escolar non superou o 2%. É dicir, 23 pais e nais dun total de 1200, aproximadamente.

## Sopa de letras

Descobre cinco palabras que sirvan para chegar a acordos.

U	P	W	E	T	U	Y	F	T
C	O	Q	R	J	K	A	A	R
O	I	A	T	R	H	O	L	E
M	X	S	A	D	C	U	A	A
P	T	D	U	T	K	I	R	S
A	G	A	R	D	A	R	F	D
R	T	D	I	R	O	T	G	H
T	R	F	O	G	I	S	I	J
I	E	G	P	K	A	W	U	K
R	W	J	C	E	D	E	R	T

Solución Sopa de letras: Compartir, Agardar, Falar, Ceder, Si

Colabora: Concello de Betanzos

Boletín informativo  
febreiro 2009



**Asociación de Nais e Pais de Alumnos  
"ANPA BRIGANTIUM"**  
CEIP "FCO. VALES VILLAMARÍN"  
Carregal nº 4,  
15300 – BETANZOS (A Coruña)

## 2 anos e 44 días despois

Como facerse socio da Asociación de  
Nais e Pais ANPA Brigantium?

Basta con cubrir os datos da folla de inscrición (dispoñible no blog do ANPA ou na Secretaría do Colexio) e entregala en Secretaría.

Consulta o Blog da ANPA e anímate a facer suxestións. Prometemos atendelas

Blog: <http://anpabrigantium.blogaliza.org/>  
e-mail: [anpabrigantium@gmail.com](mailto:anpabrigantium@gmail.com)